

Acordo cos principais bancos acredores**EROSKI ALCANZA UN ACORDO COA BANCA PARA REFINANCIAR A SÚA DÉBEDA**

- **Con este acordo a compañía despexa o seu horizonte financeiro para o desenvolvemento do seu plan de negocio**
- **Ata a data EROSKI cumpriu con todos os compromisos do acordo anterior, vixente ata xullo deste ano, reducindo a débeda coas entidades financeiras en 731 M€ en 4 anos e en case 1.800 M€ dende o 2010**
- **No novo acordo, a débeda financeira queda estruturada en dous tramos dimensionados de conformidade co plan de negocio do grupo**
- **EROSKI remata o exercicio 2018 cun *ebitda* de 250,7 millóns de euros e cun incremento en vendas do 1,3% no País Vasco, Navarra, Galicia e Baleares**

Elorrio, 6 de marzo do 2019.- [EROSKI](#) chegou esta tarde a un acordo de refinanciamento coas entidades bancarias que representa máis do 75% da súa débeda a refinanciar, que ascende a un importe aproximado de 1.540 millóns de euros. O compromiso alcanzado despexa o seu horizonte financeiro ata o 31 de xullo do 2024.

O presidente de EROSKI, Agustín Markaide, valorou moi positivamente o acordo de refinanciamento, que *"expresa a renovación da confianza das entidades financeiras no proxecto EROSKI, confianza que se manifestou en todo o proceso de negociación"*. Markaide lembrou que *"EROSKI cumpriu con todos os compromisos do acordo anterior, vixente actualmente ata o vindeiro 31 de xullo, reducindo a débeda coas entidades financeiras en 731 millóns de euros nos últimos 4 anos e en case 1.800 millóns dende o 2010"*. Ademais, salientou tamén que *"con este acordo EROSKI despexa o seu horizonte financeiro para o desenvolvemento do seu plan de negocio centrado na expansión do modelo 'contigo', que tan bos resultados está a proporcionar na zona Norte, onde se concentraron ata agora as transformacións e onde reforzamos o noso liderado, e na achega de solucións que faciliten un consumo de alimentación máis saudable e máis responsable asumindo compromisos rotundos nesa dirección"*.

EROSKI espallará este acordo ao resto de entidades financeiras acreedoras e confía en culminar todo o proceso nos vindeiros meses.

O acordo permitiralle a EROSKI alcanzar un nivel de endebedamento normalizado ao seu remate en relación á capacidade da compañía de xerar un *ebitda* positivo recorrente, que amosou unha sólida estabilidade nos últimos exercicios.

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
XURDANA FERNÁNDEZ

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI – OFICINA DE PRENSA**CONSEJEROS DEL NORTE**

JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)

Concretamente, o acordo de reestruturación alcanzado divide a débeda de EROSKI en dous tramos dimensionados de conformidade co plan de negocio do grupo cun prazo de 5 anos. Un tramo *Amortizable* por importe aproximado de 1000 millóns de euros, cun tipo de xuro de EURIBOR+2,5%. E un tramo *Bullet* por importe aproximado de 540 millóns de euros a un tipo de xuro máximo de 0,5%.

Ademais, recolle tamén o mantemento das actuais liñas operativas por importe aproximado de 372 millóns de euros, que EROSKI vén utilizando para a súa actividade ordinaria.

Igualmente o acordo inclúe a reorganización societaria das filiais mercantís do grupo EROSKI por áreas de negocio co fin de optimizar o seu resultado e recursos.

O director financeiro de EROSKI, José Ramón Anduaga, destacou a importancia do acordo de refinanciamento e amosou o seu convencemento de que *"EROSKI poderá atender os compromisos adquiridos para os próximos anos, tal e como fixo ata agora, e seguir co seu plan estratéxico"*. Tamén lembrou que *"EROSKI alcanza este acordo despois dun ano que culmina con 250,7 millóns de ebitda, 9 millóns máis ca o ano anterior, no que destaca o crecemento do 1,3% das vendas nas zonas do País Vasco, Navarra, Galicia e Baleares, que contan cunha rede comercial amplamente transformada ao modelo comercial 'contigo'."*

Por outra banda, deixa de se contemplar con respecto ao acordo anterior a mercantilización da cooperativa en ningún suposto. Ademais, o acordo non inclúe a obriga de realizar desinvestimentos.

Sobre EROSKI

EROSKI é o primeiro grupo de distribución de carácter cooperativo de España e operador de referencia nas rexións de Galicia, País Vasco, Navarra, Cataluña e Baleares. A súa rede comercial ascende a 1.651 establecementos, entre supermercados, hipermercados e cash & carry, amais de gasolineiras, ópticas, oficinas de viaxes e tendas de equipamento deportivo. Conta con máis de 6 millóns de Socios Clientes e con máis de 33.000 socios cooperativistas e traballadores.

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
XURDANA FERNÁNDEZ

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI – OFICINA DE PRENSA CONSEJEROS DEL NORTE

JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)